

Letras galegas

O morno sol invernal



Sol de inverno

ROSA ANEIROS

Xerais, 2009

22 euros

ARMANDO
REQUEIXO

A lectura de *Sol de Inverno*, a novela de Rosa Aneiros gañadora do último Premio Xerais, defrontoume cunha serie de dúbidas sobre os procesos de creación e interpretación textual:

É importante ou é accesorio o feito de que nesta obra vaíamos tendo información etaria sobre o pai da protagonista, Alfredo, que non acaba de canxar (fágase, se se quer, a comprobación nas páxinas 139, 371, 375, 378, 456 e 494) e que o obri-guen a feitos tan extraordinarios como ter en-trado na universidade aos quince anos (371)? É relevante que se diga da protagonista, Inverno, que nace en dous meses diferentes (210, 257)? E, é algo a destacar que a súa irmá, Rebeca, teña tamén idades diferentes en distintos lugares da novela (90, 439)?

Se se advirte da rapaciña protagonista que ten un francés “enferruxado”, faise crible que, xusto a seguir, se reproduza un parlamento dela neste idioma do que non renegarían seguramente moitos dos nosos mellores escritores (217- 218)?

É realmente preciso para un lector do século XXI que lea os desdobramentos comunicativos nar-rador omnisciente- narrataria e omnisciente- lec-tor a dúas tintas diferenciadas?, córrese o risco de que a intelixencia dese lector/a non sexa capaz de descodificar a alternancia a nivel pragmático?

Hai algunha razón —non aparente— que explique o porqué da reprodución de textos en ca-

talán durante a estancia dos personaxes en Barcelona (166) ou de abondosos fragmentos de cancións en castelán (passim) pero que, poño por caso, imposibilite esa mesma reprodución mimética nos parladoiros supostamente mantidos en francés en París? É, en todo caso, necesario em-pregar máis lingua que o galego? Cando si e cando non?

Excede algún tipo de límite melodramático o feito de que en apenas medio cento de páxinas iniciais coñezamos que a mellor amiguiña da nena protagonista sofre a polio, que o seu primeiro mozo morre dun escopetazo que lle mete outro rapaz celoso, que unha familia amiga padece toda a lepra (e acaba curando milagrosamente pola intervención, nunha barca de pedra, da Santa Mariña) e que unha rapaza moi amiga tamén da protagonista coide, cal sui generis cinsenta, do seu pai e sete irmáns mineiros e silicosos e acabe viola-da polo cacique do lugar?

Se se incorpora unha homenaxe coma o do personaxe de Silvia e os seus pombos no tellado da Barceloneta, é preciso estender o paralelismo con Rodoreda durante páxinas?, supérase a Colometa se se nos revela a Historia das pombas mensaxeiras dende a “quinta dinastía exipcia” ata Waterloo, pasando polo seu uso de luxo durante a Revolución Francesa (144-145)?

É un acerto servirse dun personaxe —a bisavoa da protagonista, Luzdivina— para, a través dos seus delirios rememoratorios, darnos a coñecer toda a Historia da Illa de Cuba, dende o século XVI ao XX durante máis de cincuenta páxinas (321-372)? A documentación manexada pola autora, que tipo de filtraxe prosprocesadora experimentou?

Este tipo “ramallada”—e outra que o limita-do do espazo non permite consignar— priváron-me de gozar debidamente o *Sol de Inverno*. Agar-do ser o único.

Novelar a memoria

As novelas
da memoria

JOHN THOMPSON

Galaxia, 2009,
19,50 euros



ESTRO MONTAÑA

A memoria é unha facultade dúctil e maleable, un proceso cognitivo que nos permite salvar do esquecemento o pasado. É tamén unha capacidade ligada á imaxinación e a creatividade artística. Proust en *La recherche du temps perdu* a medida que vai recordando, recupera a súa identidade.

A memoria é imperfecta, pero resulta imprescindible a un individuo san. Unha lesión cerebral pode provocar amnesia, e ninguén reivindica unha sociedade onde todo o mundo padeza Alzheimer. Porén, moitos que hoxe en día protestan contra a reivindicación da nosa memoria histórica, non aceptarían de bo grao unha situación na que o seu cerebro carecese da capacidade de reter información e fose totalmente vulnerable.

Na literatura galega, abundan os novelistas que fixeron do pasado centrado na guerra do 36 e no franquismo o eixo temático das súas narracións. Estes novelistas da memoria recrean historias dun mundo que eles viviron, pero tamén e moi especialmente, parten de materiais orais e escritos que les

foron transmitidos por persoas doutras xeracións. En calquera caso, o número e a importancia destas novelas fixo que un xove e lúcido profesor norteamericano, John Thompson, titular do Departamento de Linguas Modernas da Universidade do Estado de Montana, reparase nelas. Froito do seu interese naceu o ensaio *As novelas da memoria. Trauma e representación da Historia na Galiza contemporánea*.

Trátase dun estudo onde o autor toma partido a prol da República e dos seus logros. Thompson analiza un corpus de máis de 40 novelas nas que a memoria actúa sobre o relato con ritmo incesante e natural coma as ondas sobre as rochas dos cantís. Considera a novela como a canle de representación máis efectivo para nos introducir na Historia. Novelas como *Desfeita*, *Os mortos daquel verán*, *O bosque das antas*, *Agosto do 36*, *O lapis do carpinteiro*, *Non volvas*, *Pensa nao* ou *O ventre do silencio* poñen ao descuberto para o lector a relación entre pasado e presente. As novelas serían o territorio libre onde a fantasía enche os baleiros da memoria provocados polo fascismo. A testemuña oral, a variedade de narradores, as inxustizas, a práctica ausencia de revisionismo, a unión de nacionalismo e republica-nismo son algunhas claves do libro.

Thompson critica a incompreensión de Figueroa e Francisco Rodríguez coas novelas que se desenvolven na República e na Ditadura. E contrapón os retratos sexistas dalgúns autores co feminismo radical de María Xosé Queizán. Como colofón pide un novo rumbo na crítica literaria que xunga a memoria coas cuestións políticas e sociais.

Libro novidoso, interesante, e, sen dúbida, aberto á polémica.

Recomendable lectura

Unha emotividade cargada de metáforas, imaxes e matices. Unha creación redonda

A caída

LUIS VALLE

Ed. Caixanova/Pen Club, 2009

17 euros

HÉITOR MERA

O poemario que nos ocupa obtivo o Premio Caixanova de poesía. O seu autor, Luís Valle, xa sacara hai algúns anos *Zigurat*, poemario co que destacou pola súa capacidade para crear haikus. Facer este tipo de poesía nunha lingua neolatina ten unha especial complicación pola disposición dos versos; conseguir poñer en valor o ritmo e, polo tanto, facelo atinado nun contexto literario que non é o seu é tarefa complexa. Daquela, Valle foi quen de poetizar co verso xaponés sen

verse afectada a fluidez e ritmo na nosa lingua.

Ben se ve que o poeta lugués séntese cómodo no verso sintético, concentrado e expresivo. En *A caída* podemos ver algún deses haikus, mais na súa maioría, sen chegar a elaborar este tipo de verso, céntrase nun tipo de verso máis convencional desenvolvendo as características comentadas. Esa brevedade versal

sérvelle para prestarlle atención á disposición textual. Sen descoidar o ritmo, tamén se fai unha chiscadela ao movemento e á sinuosidade a través de pinceladas que van caíndo ao longo das páxinas, breves e cargadas de expresividade e emotividade.

Esa emotividade está cargada de matices, metáforas e imaxes. Chámannos a atención as variacións de luz, nos seus impactos e nas súas transicións, na súa mensaxe e no seu silencio. Ilusión e/ou decepción lumínica no imaxinismo existencial do poemario.

O lector poderá ver reflectido nesta obra unha sensación de volatilidade emocional que, non obstante, está baseada na autoafirmación de quen sabe o que di. Non é, polo tanto unha poética da dúbida, non é unha poética da perda ou da desubicación; é unha poética da reflexión, do coñecemento, no que o eu lírico manifesta nunha carga de profundidade brutal moitas das situacións nas que se ve a si mesmo. Dá renda solta á imaxe, á metáfora, canle iniciática e fundamental dunha arte lírica que non está ancorada, que é dinámica e capaz de transmitir esa variedade de matices significativos, de duplicidades emocionais que conforman unha cosmovisión que non ten que ser compartida, mais si é convincente, verosímil para un lector crítico e desexoso dunha poesía complexa na súa concepción, relativa e marabillosamente sinxela na súa exposición.

Con este poemario, Luís Valle ofrécenos un plus de calidade literaria. Creación completa, redonda, na que non falta nin sobra nada. Pura recreación poética e artística. É unha ledicia atopar libros como este. Recomendamos ferventemente, pois, a súa lectura.

